

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIONES COAS CORTES E MEMORIA DEMOCRÁTICA

4630 *Real decreto 179/2021, do 23 de marzo, polo que se aproba o Estatuto do Instituto para a Transición Xusta, O.A.*

A Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social e ao Comité das Rexións, do 11 de decembro de 2019, sobre o Pacto verde europeo pretende que a Unión Europea sexa o primeiro continente climaticamente neutro. Para logralo, a Comisión Europea presentou un ambicioso paquete de medidas que debe permitir que as empresas e os cidadáns europeos se beneficien dunha transición ecolóxica sustentable. Este pacto verde forma parte, ademais, da nova estratexia de crecemento da Unión Europea.

Como en todo proceso de cambio, os efectos sobre os diferentes grupos son desiguais. Ben que todos os Estados membros, rexións e sectores deberán contribuír á transición, a magnitude do desafío non é a mesma, algunhas rexións veranse particularmente afectadas e sufrirán unha profunda transformación económica e social. Por isto, o Pacto verde europeo traza o camiño para unha transición xusta e socialmente equitativa, de modo que non se deixe ningunha persoa ou territorio neste proceso de transformación. Aquí xogará un papel importante a política europea de cohesión.

A Comisión Europea propuxo a creación do Mecanismo de transición xusta como ferramenta clave para garantir que a transición cara a unha economía climaticamente neutral ocorra de maneira xusta, sen deixar a ninguén atrás. Este mecanismo proporcionará apoio financeiro e asistencia técnica aos Estados membros e investidores e asegurase de que as comunidades afectadas, as autoridades locais, os interlocutores sociais e as organizacións non gobernamentais estean involucradas, incluído un sólido marco de gobernanza centrado en plans territoriais de transición xusta.

Aínda que todas as rexións requirirán fondos e o Plan de investimento do acordo verde europeo así o prevé, o mecanismo brinda apoio específico para axudar a mobilizar ao menos cen mil millóns de euros durante o período 2021-2027 nas rexións máis afectadas, para aliviar o impacto socioeconómico da transición. O mecanismo creará o investimento necesario para axudar os traballadores e as comunidades que dependen da cadea de valor dos combustibles fósiles e sumarse á contribución substancial do orzamento da UE a través de todos os instrumentos directamente relevantes para a transición.

En liña coa nova estratexia europea, o Goberno de España presentou o Marco estratéxico de enerxía e clima, que busca facilitar a modernización da economía cara a un modelo sustentable e competitivo que contribúa a pór freo ao cambio climático. Este Marco estratéxico está integrado por tres piares: o anteproxecto de Lei de cambio climático e transición enerxética, que busca que España conte cun marco normativo sólido e estable para a descarbonización da súa economía; o borrador do Plan nacional integrado de enerxía e clima (PNIEC), que recolle unha serie de medidas que buscan conseguir a neutralidade de emisións en 2050, e a Estratexia de transición xusta, unha estratexia quinquenal de acompañamento solidario que asegure que as persoas e os territorios aproveiten ao máximo as oportunidades desta transición e que ninguén quede atrás.

Os obxectivos da Estratexia de transición xusta son facilitar o aproveitamento das oportunidades de emprego e mellora da competitividade e cohesión social xerados pola transición ecolóxica da economía; garantir un aproveitamento das oportunidades igualitario: xénero, colectivos vulnerables, mundo rural; dotar de capacidade de observación sobre a situación e as tendencias do mercado laboral respecto á transición ecolóxica; promover foros de participación sectoriais; realizar plans sectoriais nos principais sectores económicos, analizando retos, oportunidades, ameazas e deseñando

medidas necesarias para levar a cabo a súa transformación; avaliar e mellorar os actuais instrumentos da Administración xeral do Estado de apoio á empresa para a transición ecolóxica (apoio a I+D+i, financiamento, préstamos, avais, garantías, formación, etc.); propor políticas de apoio adecuadas (industriais, de I+D+i, de promoción de actividade económica, de emprego e formación profesional, etc.) para o traballo coordinado da Administración xeral do Estado, as comunidades autónomas, as entidades locais e os axentes sociais, e, por último, minimizar os impactos negativos en zonas vulnerables a través de convenios de transición xusta e a través do Plan de acción urxente para comarcas de carbón e centrais en peche.

Para aqueles territorios onde a transición enerxética e ecolóxica poida pór en dificultades as empresas e a actividade económica, tanto o anteproxecto de lei de cambio climático e transición enerxética como a Estratexia de transición xusta incorporan unha ferramenta para a súa reactivación: os convenios de transición xusta, que deben propor un plan de acción territorial integral.

Os convenios de transición xusta teñen como obxectivo prioritario o mantemento e creación de actividade e emprego no territorio a través do acompañamento a sectores e colectivos en risco, a fixación de poboación nos territorios rurais ou en zonas con instalacións en peche e a promoción dunha diversificación e especialización coherente co contexto socioeconómico.

Os convenios de transición xusta implican traballar en procesos ben deseñados, con ampla participación de axentes, transparentes e inclusivos, pero, sobre todo, que constitúan proxectos integrados de desenvolvemento territorial que garantan o emprego a medio e longo prazo e que dinamicen a transición ecolóxica.

Por isto, os convenios de transición xusta deben ter en conta a necesidade de mellorar a empregabilidade e condicións laborais das mulleres e dos colectivos con problemas de acceso ao mercado laboral, como parados de longa duración, persoas con discapacidade ou poboación en risco de exclusión social. Tamén deben involucrar a xuventude do territorio, que debería ter a oportunidade de participar nas decisións que poden afectar a súa vida nel, e que, conformando a súa visión do territorio, pode encontrar incentivos á permanencia neste.

Os convenios de transición xusta buscan aproveitar os recursos endóxeos do territorio, xa sexan económicos, sociais ou ambientais, e atraerán investimentos exóxeos, cando sexa necesario, apostando prioritariamente por aqueles sectores que tamén presenten mellores resultados de sustentabilidade, tanto ambiental, como económica e social.

Os convenios de transición xusta deben ser negociados e pactados incorporando o maior número de axentes, especialmente as administracións a nivel local.

Para levar a cabo o conxunto de medidas relacionadas coa transición xusta e coordinar os esforzos de España coa Unión Europea e o resto dos seus Estados membros, así como cos entes rexionais e locais españoles, cómpre contar cunha organización específica que dispoña dun marco xurídico que permita a consecución dos obxectivos sinalados: o Instituto para a Transición Xusta, O.A., cuxo obxecto é a identificación e adopción de medidas que garantan a traballadores e territorios afectados pola transición cara a unha economía baixa en carbono un tratamento equitativo e solidario, minimizando os impactos negativos sobre o emprego e a despoboación destes territorios.

O Instituto para a Transición Xusta, O.A. será o organismo responsable da elaboración e implementación da Estratexia española de transición xusta, a través da subscripción dos convenios de transición xusta, así como de calquera outra medida que contribúa á consecución dos seus obxectivos.

O organismo autónomo Instituto para a Reestruturación da Minaría do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras, O.A. foi creado pola Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, co obxectivo de levar a cabo a execución da política de reestruturación da minaría do carbón, así como o desenvolvemento e cumprimento de cantas medidas se dirixan a fomentar o

desenvolvemento económico daquelas zonas que, de acordo coa normativa aplicable, teñan a consideración de municipios mineiros do carbón.

A disposición adicional décima do Real decreto 500/2020, do 28 de abril, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, e se modifica o Real decreto 139/2020, do 28 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica básica dos departamentos ministeriais, establece que o organismo autónomo Instituto para a Reestruturación da Minaría do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras, O.A., pasa a denominarse Instituto para a Transición Xusta, O.A. e que todas as referencias previstas na normativa vixente ao Instituto para a Reestruturación da Minaría do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras, O.A. se entenderán feitas ao Instituto para a Transición Xusta, O.A.

Ademais, a disposición derradeira segunda do Real decreto lei 23/2020, do 23 de xuño, polo que se aproban medidas en materia de enerxía e noutros ámbitos para a reactivación económica, modifica o obxecto do Instituto, que pasa a ser a identificación e adopción de medidas que garantan a traballadores e territorios afectados pola transición cara a unha economía máis ecolóxica, baixa en carbono, un tratamento equitativo e solidario, minimizando os impactos negativos sobre o emprego e a despoboación destes territorios.

As funcións que viña desempeñando o Instituto para a Reestruturación da Minaría do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras, O.A., no ámbito da minaría do carbón e o desenvolvemento alternativo das comarcas mineiras, manteranse e pasarán a enmarcarse dentro do ámbito máis amplo da transición xusta, ben que contarán cos elementos de actuación específicos para o ámbito da minaría do carbón.

Así, o Instituto para a Transición Xusta, O.A. seguirá implementando o Acordo marco para unha transición xusta da minaría do carbón e desenvolvemento sustentable das comarcas mineiras para o período 2019-2027, suscrito o 24 de outubro de 2018, polo Ministerio para a Transición Ecolóxica coa central sindical UGT-FICA, a Federación de Industria de CC.OO., a Federación de Industria de USO e a agrupación de empresarios do sector, Carbunión, que establece as bases para unha transición xusta da minaría do carbón e un desenvolvemento sustentable das comarcas mineiras «tendo en conta a situación do sector e a finalización das axudas destinadas a cubrir as perdas das explotacións mineiras, de acordo coas exigencias da normativa europea». Con este obxecto estendese máis aló do 31 de decembro de 2018 o ámbito das medidas sociais amparadas pola Decisión 2010/787/UE do Consello, do 10 de decembro de 2010, relativa ás axudas estatais destinadas a facilitar o peche de minas de carbón non competitivas, co fin de facilitar o seu acceso ao conxunto dos traballadores afectados, á vez que se manteñen, así mesmo, as medidas dirixidas a impulsar economicamente as comarcas mineiras e incentivar o emprego nos municipios mineiros afectados. O Instituto para a Transición Xusta, O.A. manterá, así mesmo, a comisión de seguimento do acordo.

Para que a transición sexa xusta tamén é preciso asegurar a continuidade da política de reactivación das comarcas mineiras, estendendo o seu ámbito de vixencia e facilitando o seu impulso económico mediante o desenvolvemento de novas infraestruturas, de proxectos de restauración do espazo natural afectado pola actividade mineira, ou ben de actividades económicas alternativas que favorezan a xeración de novos empregos. De aí que as actividades que desempeñaba o Instituto para a Reestruturación da Minaría do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras, O.A. sigan formando parte das actividades do Instituto para a Transición Xusta, O.A.

Ademais, o Instituto para a Transición Xusta, O.A. debe abordar outros desafíos como o peche de centrais térmicas de carbón e de centrais nucleares sen plans de reconversión previos, entre outros.

A disposición derradeira segunda do Real decreto 500/2020, do 28 de abril, establece que o Consello de Ministros aprobará o Estatuto do Instituto para a Transición Xusta, O.A. O obxecto deste real decreto é, por tanto, cumprir esta previsión e dotar o Instituto para a Transición Xusta dun marco xurídico adecuado para o cumprimento dos seus fins.

Con relación ao seu contido, o estatuto establece que o Instituto para a Transición Xusta, O.A. é un organismo autónomo dos previstos no artigo 98 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, figura que permitirá conseguir dunha maneira máis eficiente os fins que lle son encomendados. Establécese, ademais, a súa dependencia do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico a través da Secretaría de Estado de Enerxía; así como o réxime xurídico do organismo e a normativa aplicable en materia de recursos humanos, contratación, subvencións, exercicio de potestades administrativas, patrimonio ou control financeiro, entre outros. A continuación, o estatuto pasa a definir o obxecto do Instituto para a Transición Xusta, O.A. e enumera as funcións que lle son encomendadas.

Desde o punto de vista organizativo, o estatuto fai referencia tanto aos órganos de goberno como aos órganos executivos. Entre os primeiros encóntranse a Presidencia (que corresponde á persoa titular da Secretaría de Estado de Enerxía) e o Consello Reitor, e entre os segundos encóntranse a Dirección, que ten rango de dirección xeral, a Xerencia e a Subdirección Xeral de Estratexia e Planificación. Detállanse as funcións de cada un destes órganos e, no caso do Consello Reitor, as súas normas de funcionamento.

Créase un consello asesor, integrado por persoas en representación de departamentos ministeriais, comunidades autónomas, entidades locais e persoas en representación da sociedade civil. A función principal deste consello é dar asesoramento e avaliar o impacto das políticas de transición xusta que porá en marcha o Instituto.

Por último, fíxanse as obrigacións de transparencia e rendición de contas que debe acompañar a actividade de calquera organización pública.

A adopción deste real decreto responde aos principios de boa regulación, de conformidade co artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Desde o punto de vista dos principios de necesidade e eficacia, con esta disposición actualízase o réxime xurídico deste organismo autónomo, dada a necesidade de xestionar de forma adecuada e eficaz unha transición xusta a unha economía descarbonizada para os sectores máis desfavorecidos. En canto ao principio de proporcionalidade, contén a regulación imprescindible en relación coa regulación dun estatuto para un organismo público, tal como marca a lexislación vixente. Así mesmo, a actualización do estatuto incrementará a seguridade xurídica das súas actuacións en relación coa transición xusta a unha economía descarbonizada. Finalmente, é conforme coas exixencias dos principios de transparencia e de eficiencia, xa que o proxecto se tramitou seguindo as prescricións da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, mediante a solicitude de informes preceptivos e convenientes para garantir o seu acerto.

De conformidade co establecido no artigo 26.6 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, non se realizou consulta pública nin os trámites de audiencia e información públicas, xa que é unha norma que regula un organismo público da Administración xeral do Estado, en virtude da súa potestade de organización propia.

A tramitación deste proxecto realizouse de conformidade co establecido no citado artigo 26 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, e o seu contido regulouse de acordo co establecido nos artigos 93 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Na súa virtude, por proposta conxunta do ministro de Política Territorial e Función Pública, da ministra de Facenda e da ministra para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de marzo de 2021,

DISPOÑO:

Artigo único. *Estatuto do Instituto para a Transición Xusta, O.A.*

Apróbase o Estatuto do Instituto para a Transición Xusta, O.A., cuxo texto se inclúe a continuación.

Disposición transitoria única. *Unidades e postos de traballo con nivel orgánico inferior a subdirección xeral.*

As unidades e postos de traballo co nivel orgánico inferior a subdirección xeral continuarán subsistentes e serán retribuídos con cargo aos mesmos créditos orzamentarios até que se aproben as relacións de postos de traballo adaptadas á estrutura orgánica prevista no Estatuto que aproba este real decreto.

Disposición derogatoria única.

Queda derogado o Real decreto 492/1998, do 27 de marzo, polo que se aproba o Estatuto do Instituto para a Reestruturación da Minaría do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras, e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 500/2020, do 28 de abril, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, e se modifica o Real decreto 139/2020, do 28 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica básica dos departamentos ministeriais.*

O Real decreto 500/2020, do 28 de abril, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, e se modifica o Real decreto 139/2020, do 28 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica básica dos departamentos ministeriais, modifícase da seguinte maneira:

Un. Engádesse un novo número 8 ao artigo 1, coa seguinte redacción:

«8. A persoa titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico exercerá a Presidencia do organismo autónomo Parques Nacionais.»

Dous. O número 5 do artigo 4 queda redactado do seguinte modo:

«5. A persoa titular da Secretaría de Estado de Medio Ambiente exercerá a Vicepresidencia do organismo autónomo Parques Nacionais.»

Tres. Suprímese a letra e) do número 1 do artigo 7 e renuméranse os seguintes parágrafos do número 1.

Como consecuencia da dita supresión, o número 2 do artigo 7 queda redactado nos seguintes termos:

«2. Da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental dependen os seguintes órganos, con nivel orgánico de subdirección xeral:

a) A Subdirección Xeral de Economía Circular, que exerce as competencias indicadas nas letras a), b), d), h), k), l), m) e n) do número anterior, en materia de prevención e xestión de residuos, de produción e consumo sustentable, de economía circular, de rexistros, bases de datos e información asociados á política de residuos, así como en materia de solos contaminados.

b) A Subdirección Xeral de Aire Limpo e Sustentabilidade Industrial, que exerce as competencias indicadas nas letras a), b), d), e), f), g), h), i), l) e m) do número anterior en materia de calidade do aire, prevención da contaminación e sustentabilidade ambiental da actividade industrial.

c) A Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, que exerce as competencias sinaladas na letra c) do número anterior. Así mesmo, correspóndelle elevar a proposta de resolución dos procedementos de avaliación ambiental, cuxa resolución corresponde á Dirección Xeral. Ademais, exerce as competencias indicadas nas letras a), d), l) e m) do número anterior, en materia de avaliación ambiental.»

Catro. Queda suprimido o número 3 do artigo 9. O actual número 4 queda reenumerado como número 3.

Cinco. O número 4 do artigo 12 queda redactado da seguinte maneira:

«4. A Subdirección Xeral de Relacións Internacionais depende directamente do titular da Subsecretaría e exerce as competencias indicadas nas letras g), h) e i) do número 2.

Así mesmo, correspóndelle a representación do ministerio na Axencia Europea de Medio Ambiente e, en particular, no seu Consello de Administración, na súa Rede de puntos focais nacionais e nas reunións da Rede de axencias europeas de ambiente, así como o desenvolvemento de todas as accións relativas ao impulso no deseño de indicadores ambientais para monitorizar o estado do ambiente mediante a elaboración anual do Informe perfil ambiental de España e a coordinación da Rede EIONET en España.

A Subdirección Xeral de Relacións Internacionais exerce tamén a representación do Ministerio na Rede da Unión Europea para a aplicación e o cumprimento da lexislación en materia de ambiente, Rede IMPEL, así como a coordinación nacional e o impulso da participación española nos seus proxectos.»

Seis. O número 1 da disposición adicional sétima queda redactado do seguinte modo:

«1. O organismo autónomo Parques Nacionais (OAPN) é un organismo autónomo dos regulados no artigo 98 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, adscrito ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico a través da persoa titular do ministerio. A persoa titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico presidirao e a persoa titular da Secretaría de Estado de Medio Ambiente exercerá a Vicepresidencia. Baixo a superior dirección da persoa titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico o organismo contará cunha dirección con rango de subdirección xeral.»

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para o desenvolvemento normativo e execución.*

Autorízase a persoa titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico para que adopte as disposicións e medidas necesarias para o desenvolvemento e execución deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 23 de marzo de 2021.

FELIPE R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia,
Relacións coas Cortes e Memoria Democrática,
CARMEN CALVO POYATO

ESTATUTO DO INSTITUTO PARA A TRANSICIÓN XUSTA, O.A.

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Natureza, adscrición e denominación.*

1. O Instituto para a Transición Xusta, O.A. é un organismo autónomo dos previstos no artigo 98 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, dotado de personalidade xurídica propia, tesouraría e patrimonio propios e autonomía na súa xestión para o cumprimento dos seus fins.

2. O Instituto para a Transición Xusta, O.A. está adscrito ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a través da Secretaría de Estado de Enerxía.

3. A súa denominación é Instituto para a Transición Xusta, O.A.

Artigo 2. *Réxime xurídico.*

1. O Instituto para a Transición Xusta, O.A. réxese polo disposto na Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, modificada polo Real decreto lei 23/2020, do 23 de xuño, polo que se aproban medidas en materia de enerxía e noutros ámbitos para a reactivación económica, así como polo disposto no seu estatuto.

Así mesmo, réxese polas disposicións contidas na Lei 40/2015, do 1 de outubro; na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas; e na demais normativa de aplicación aos organismos autónomos da Administración xeral do Estado.

2. O réxime orzamentario, económico-financeiro, de contabilidade e control será o establecido pola Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Sen prexuízo das funcións atribuídas ao Tribunal de Contas, o control interno da xestión económico-financeira do organismo corresponde á Intervención Xeral da Administración do Estado, e será realizada mediante o exercicio da función interventora, do control financeiro permanente e da auditoría pública pola Intervención Delegada no organismo, baixo a dependencia orgánica e funcional da Intervención Xeral da Administración do Estado.

Así mesmo, corresponde á Intervención Xeral da Administración do Estado a supervisión continua a que se refire o artigo 85.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

3. O Instituto para a Transición Xusta, O.A. estará suxeito a un control de eficacia que será exercido pola Inspección de Servizos do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, de conformidade co artigo 85.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Artigo 3. *Obxecto.*

1. O Instituto para a Transición Xusta, O.A. ten por obxecto a identificación e adopción de medidas que garantan a traballadores e territorios afectados pola transición cara a unha economía máis ecolóxica, baixa en carbono, un tratamento equitativo e solidario, minimizando os impactos negativos sobre o emprego e a despoboación destes territorios.

2. O Instituto para a Transición Xusta, O.A. será responsable da implementación da Estratexia española de transición xusta. Para isto, desenvolverá e executará cantas medidas se dirixan a promover o desenvolvemento económico alternativo dos territorios afectados pola transición cara a unha economía máis ecolóxica, baixa en carbono,

incluíndo, entre outros territorios, aqueles que se vexan ou se visen afectados pola reconversión da minaría.

3. O Instituto para a Transición Xusta, O.A. impulsará, traballando de forma coordinada con outros organismos competentes, o deseño de políticas industriais, de investigación e desenvolvemento, de promoción de actividade económica, e de emprego e formación profesional co fin de asegurar que o tránsito cara a un novo escenario produtivo sexa xusto e socialmente beneficioso para todos.

Artigo 4. *Funcións.*

Para o desenvolvemento do seu obxecto, o Instituto para a Transición Xusta, O.A. realizará as seguintes funcións:

a) Identificar, promover e apoiar técnica e financeiramente as medidas necesarias para acompañar a transformación de sectores e territorios, anticipando os posibles efectos negativos sociais e laborais de transformacións relacionadas coa transición ecolóxica e a descarbonización da economía.

b) Elaborar e implementar as estratexias de transición xusta.

c) Definir plans de acción para zonas vulnerables, sectores estratéxicos e colectivos potencialmente afectados negativamente pola transición ecolóxica, impulsar a elaboración de convenios de transición xusta e apoiar a súa execución, e fomentar a cooperación territorial no desenvolvemento das políticas de transición xusta.

d) Xestionar as axudas que teñan por obxecto o desenvolvemento económico alternativo das zonas afectadas por posibles impactos negativos da transición ecolóxica e descarbonización da economía, incluída a xestión de calquera tipo de axuda ou incentivo procedente da Unión Europea cuxa xestión lle sexa encomendada e que poida contribuír á consecución do obxecto do Instituto, e impulsar cantos incentivos financeiros se consideren oportunos para fomentar o desenvolvemento económico alternativo das zonas en transición.

e) Relacionarse coas institucións europeas, administracións públicas, organizacións empresariais, organizacións sindicais, organizacións non gobernamentais, institucións e entidades públicas e privadas e demais axentes sociais para colaborar en iniciativas relacionadas coa transición ecolóxica xusta.

f) Promover foros de participación para unha mellor comprensión dos axentes económicos e sociais das posibilidades de cara á xeración de actividade e emprego da transformación ecolóxica, e do papel da innovación como fonte de progreso nas zonas de transición.

g) Desenvolver investigacións e estudos sobre tendencias e impactos económicos, sociais das transformacións derivadas da transición ecolóxica.

h) Desenvolver políticas de difusión e asesoramento técnico sobre normativa de axudas, aspectos mercantís, fiscais e outros que permitan a captación de proxectos empresariais e a súa implantación, entre outras, nas zonas mineiras do carbón, así como as zonas afectadas polo peche de centrais térmicas e nucleares.

i) Contribuír, mediante actividades de dirección, deseño, coordinación e execución, á restauración, entre outras, das zonas degradadas pola actividade mineira, así como ás afectadas polo peche de centrais térmicas ou nucleares.

j) Executar a política de reestruturación da minaría do carbón, especialmente no que se refire aos aspectos laborais, e levar a cabo o desenvolvemento e execución de cantas medidas se dirixan a promover o desenvolvemento económico alternativo das comarcas mineiras do carbón.

Para isto poderá, entre outras medidas, xestionar axudas de calquera natureza a empresas dedicadas á minaría do carbón e axudas que poidan corresponder aos suxeitos produtores de enerxía eléctrica como titulares de centrais térmicas; a análise e seguimento do abastecemento de materias primas minerais; o fomento da investigación e do desenvolvemento tecnolóxico; a elaboración, seguimento e desenvolvemento de programas de actuacións en materia de calidade e seguridade dos equipamentos e

produtos utilizados na actividade mineira, e demais medidas precisas para desenvolver a política de reordenación da minaría do carbón e de promoción do desenvolvemento alternativo das zonas mineiras.

k) Finalizar as actuacións previstas de acordo co establecido na Decisión 2010/787/UE do Consello, do 10 de decembro de 2010, e xestionar cantos expedientes fosen iniciados polo Instituto baixo a súa antiga denominación de Instituto para a Reestruturación da Minaría do Carbón e o Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras, O.A.

l) Calquera outra función que se lle poida atribuír para a consecución do seu obxecto.

CAPÍTULO II

Organización

Artigo 5. *Órganos de goberno e órganos executivos.*

1. Son órganos de goberno do Instituto para a Transición Xusta, O.A. o Consello Reitor e a Presidencia, que será exercida pola persoa titular da Secretaría de Estado de Enerxía.

2. Son órganos executivos a Dirección, que terá rango de dirección xeral, e a Xerencia e a Subdirección Xeral de Estratexia e Planificación, ambas con rango de subdirección xeral.

3. A persoa titular da Dirección do Instituto para a Transición Xusta, O.A. será nomeada mediante real decreto, de acordo co establecido no artigo 66.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Artigo 6. *Consello Reitor.*

1. O Consello Reitor é o órgano colexiado de goberno, integrado por persoas en representación da Administración xeral do Estado, que ten como función o impulso e control tanto estratéxico como operativo da actividade do Instituto para a Transición Xusta, O.A.

2. Estará integrado:

a) Pola Presidencia, que corresponderá á persoa titular da Presidencia do Instituto para a Transición Xusta, O.A.

b) Pola Vicepresidencia, que corresponderá á persoa titular da Dirección do Instituto para a Transición Xusta, O.A.

c) Por tres persoas en representación do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

d) Por unha persoa en representación do Ministerio de Facenda.

e) Por unha persoa en representación do Ministerio de Traballo e Economía Social.

f) Por unha persoa en representación do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

g) Por unha persoa en representación do Ministerio de Ciencia e Innovación.

h) Por unha persoa en representación do Ministerio de Educación e Formación Profesional.

i) Por unha persoa en representación do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

j) Por unha persoa en representación do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital.

Na composición deste Consello Reitor atenderase ao principio de presenza equilibrada de mulleres e homes, de acordo co disposto no artigo 54 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

3. A Xerencia do Instituto exercerá as funcións de Secretaría do Consello Reitor con voz, pero sen voto.

4. As persoas que ocupen as vogalías do Consello Reitor serán nomeadas pola persoa titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, por proposta

dos departamentos ministeriais a que representan. Deberán ocupar, ao menos, un posto con rango de dirección xeral.

5. En caso de ausencia, vacante ou enfermidade da persoa titular da Presidencia, será substituída pola persoa titular da Vicepresidencia.

En caso de ausencia, vacante ou enfermidade da persoa que exerce as funcións de Secretaría, será substituída por unha persoa funcionaria do Instituto para a Transición Xusta, O.A., designada pola persoa titular da Xerencia.

Artigo 7. *Funcións do Consello Reitor.*

Corresponden ao Consello Reitor as seguintes funcións:

- a) Aprobar o anteproxecto de orzamentos, os estados de gastos e ingresos, as contas anuais e a memoria anual.
- b) Efectuar o seguimento, a supervisión e o control da actuación do Instituto, sen prexuízo das funcións atribuídas a outros órganos.
- c) Propor aquelas medidas que considere oportunas para o mellor cumprimento do obxecto do Instituto.
- d) Asesorar naqueles asuntos que poidan ser de interese para a actividade do Instituto.

Artigo 8. *Funcionamento do Consello Reitor.*

1. O Consello Reitor poderá funcionar en pleno ou en comisión permanente.
2. O Pleno estará integrado pola Presidencia, a Vicepresidencia e todos os vogais do Consello Reitor.

O Pleno reunirse, ao menos, unha vez ao ano con carácter ordinario e con carácter extraordinario cando sexa necesario para o cumprimento das súas funcións. Para a válida constitución do Pleno do Consello Reitor requirirase a presenza de, ao menos, a metade dos seus membros, sendo ao menos unha delas a Presidencia ou a Vicepresidencia, así como da persoa que exerza as funcións de Secretaría.

Os acordos adoptaranse por maioría de votos e os empates dirimiraos a Presidencia mediante o seu voto de calidade.

Corresponderá ao Pleno o coñecemento de todos os asuntos de competencia do Consello Reitor que non estean expresamente atribuídos á Comisión Permanente ou aos grupos de traballo.

3. A Comisión Permanente estará integrada polos seguintes membros:

- a) A Presidencia, que corresponderá á persoa titular da Presidencia do Instituto para a Transición Xusta, O.A.
- b) A Vicepresidencia, que corresponderá á persoa titular da Dirección do Instituto para a Transición Xusta, O.A.
- c) Tres membros do Consello Reitor, designados polo Pleno, con carácter rotatorio, cada dous anos. Ao menos un deles deberá representar o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

En caso de ausencia, vacante ou enfermidade da persoa titular da Presidencia, será substituída pola persoa titular da Vicepresidencia.

En caso de ausencia, vacante ou enfermidade dos restantes membros da Comisión Permanente, serán substituídos polas persoas designadas polo Pleno.

4. A Comisión Permanente terá como función a preparación dos asuntos de que deba coñecer o Pleno.

O Pleno poderá delegar na Comisión Permanente a adopción de calquera acordo que sexa da súa competencia.

5. O Pleno ou a súa Comisión Permanente poderán constituír grupos de traballo. No acto en que se acorde a constitución do grupo de traballo fixarase a súa composición,

obxectivos e, se for o caso, o prazo de execución da actividade encomendada e o seu réxime de funcionamento.

6. O funcionamento do Consello Reitor rexeráse polo disposto neste estatuto, así como na sección 3.^a do capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

7. O Consello Reitor poderá facer uso de medios electrónicos de acordo co previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro. En particular, este funcionamento electrónico poderá levarse a cabo utilizando os medios e servizos compartidos a que se refire o artigo 10 do Real decreto 806/2014, do 19 de setembro, sobre organización e instrumentos operativos das tecnoloxías da información e das comunicacións na Administración xeral do Estado e nos seus organismos públicos.

Artigo 9. *Funcións da Presidencia.*

Corresponde á Presidencia do Instituto:

- a) Desempeñar a superior representación oficial deste.
- b) Convocar as sesións do Consello Reitor, presidir as reunións e moderar o desenvolvemento dos debates.
- c) Convocar as sesións do Consello Asesor, presidir as reunións e moderar o desenvolvemento dos debates.
- d) A aprobación dos gastos e a ordenación dos pagamentos do Instituto en execución do orzamento, salvo os casos reservados por lei á competencia do Goberno, así como a subscripción de convenios e contratos.
- e) Outorgar as axudas que deriven dos programas do Instituto, mediante a oportuna resolución, que porá fin á vía administrativa.
- f) Aprobación da proposta de contas anuais, así como da memoria anual do Instituto que deba elevarse ao Consello Reitor para a súa aprobación
- g) Aprobación do plan anual de actuación, así como o informe anual de cumprimento deste.
- h) Coñecer periodicamente a evolución dos programas cuxa xestión corresponda ao Instituto.
- i) Exercer cantas outras funcións sexan intrínsecas á súa condición de presidente.

Artigo 10. *Funcións da Dirección.*

Corresponderá á persoa titular da Dirección velar pola consecución dos fins asignados ao Instituto para a Transición Xusta, O.A. e exercer a súa dirección. En concreto, corresponderanlle as seguintes funcións:

- a) Dirixir as actuacións do Instituto de acordo coas directrices que establezan o Consello Reitor e a Presidencia, e executar os acordos adoptados por estes.
- b) Dirixir, coordinar, avaliar e supervisar todos os servizos do Instituto.
- c) Establecer, desenvolver e aplicar procedementos de control interno do funcionamento do Instituto.
- d) Elaborar a proposta dos plans estratéxicos do Instituto, así como dos plans anuais de actuación.
- e) O desenvolvemento das ferramentas e actuacións para a elaboración e aplicación da Estratexia de transición xusta, o impulso da súa execución e seguimento, así como a comunicación, difusión, participación e avaliación deste.
- f) Definir plans de acción para zonas vulnerables sectores estratéxicos e colectivos potencialmente afectados negativamente pola transición ecolóxica, impulsar a elaboración de convenios de transición xusta e apoiar a súa execución.
- g) Identificar, promover e apoiar técnica e financeiramente as medidas necesarias para acompañar a transformación de sectores e territorios, anticipando os posibles efectos negativos sociais e laborais de transformacións relacionadas coa transición ecolóxica e a descarbonización da economía.

h) Xestionar as axudas que teñan por obxecto o desenvolvemento económico alternativo das zonas afectadas por posibles impactos negativos da transición ecolóxica e descarbonización da economía.

i) Xestionar calquera tipo de axuda e/ou incentivo procedente da Unión Europea que poida contribuír á consecución do obxecto do Instituto, cuxa xestión lle sexa encomendada.

j) Promover, executar e xestionar proxectos que teñan como obxectivo o desenvolvemento económico alternativo das zonas afectadas por posibles impactos negativos da transición ecolóxica, así como participar e apoiar o deseño, execución e xestión de proxectos realizados por terceiros.

k) Desenvolver políticas de difusión e asesoramento técnico sobre normativa de axudas, aspectos mercantís, fiscais e outros que permitan a captación de proxectos empresariais e a súa implantación, entre outras, nas zonas mineiras do carbón, así como as zonas afectadas polo peche de centrais térmicas e nucleares.

l) Impulsar cantos incentivos financeiros se consideren oportunos para fomentar o desenvolvemento económico alternativo das zonas en transición.

m) Contribuír, mediante actividades de dirección, deseño, coordinación e execución, á restauración das zonas degradadas pola actividade mineira, así como ás afectadas polo peche de centrais térmicas ou nucleares.

n) Relacionarse coas institucións europeas, administracións públicas, organizacións empresariais, organizacións sindicais, organizacións non gobernamentais, institucións e entidades públicas e privadas e demais axentes sociais para colaborar en iniciativas relacionadas coa transición ecolóxica xusta.

ñ) Promover foros de participación para unha mellor comprensión dos axentes económicos e sociais das posibilidades de cara á xeración de actividade e emprego da transformación ecolóxica.

o) Desenvolver investigacións e estudos sobre tendencias e impactos económicos, sociais das transformacións derivadas da transición ecolóxica.

p) Executar a política de reestruturación da minaría do carbón e promover o desenvolvemento económico alternativo das comarcas mineiras do carbón.

q) A xestión e control dos recursos humanos.

r) A xestión e control dos recursos económicos, a formulación das contas anuais e informe anual, así como a planificación e coordinación dos servizos informáticos do Instituto, incluídas as actuacións económicas, contractuais e administrativas necesarias para o funcionamento do organismo, a xestión de carácter patrimonial ou de investimentos, e o impulso e desenvolvemento á aplicación das tecnoloxías da información para a mellora da eficiencia dos procesos de xestión e prestación de servizos que realiza o Instituto.

s) A planificación, definición de obxectivos e avaliación do rendemento da acción do Instituto.

t) A xestión patrimonial dos inmobles adscritos ao Instituto para a Transición Xusta, O.A.

u) A dirección estratéxica, a avaliación e o control dos resultados da Fundación Ciudad de la Energía-CIUDEN, F.S.P., adscrita ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico a través do Instituto para a Transición Xusta, O.A., sen prexuízo das funcións de control da eficacia que lle corresponden á Inspección de Servizos do departamento ministerial, tal e como establece o artigo 85 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Artigo 11. *Organización interna da Dirección.*

1. A Dirección do Instituto para a Transición Xusta, O.A. estrutúrase nas seguintes unidades con nivel orgánico de subdirección xeral:

a) A Xerencia, que exercerá as funcións referidas nas letras q), r), s), t) e u) do artigo anterior.

b) A Subdirección Xeral de Estratexia e Planificación, que exercerá as funcións referidas nas letras e), f), g), j), k), l), m), n), ñ) e o) do artigo anterior.

Así mesmo, cada unha destas subdireccións xerais exercerá, seguindo as directrices da Dirección, as funcións referidas nas letras a), b), c), d), h), i) e p) do artigo anterior nos seus respectivos ámbitos de actuación, así como aquelas outras competencias que lle sexan atribuídas pola Dirección.

2. En caso de vacante, ausencia ou enfermidade, a persoa titular da Dirección do Instituto será substituída polas persoas titulares das subdireccións xerais da súa dependencia, seguindo a orde en que aparecen mencionados no número anterior, salvo que expresamente a Dirección estableza outra orde de substitución.

3. Adscrita ao Instituto existirá unha Intervención Delegada da Xeral da Administración do Estado, co nivel que se determine na correspondente relación de postos de traballo.

Artigo 12. *Consello Asesor.*

1. O Consello Asesor é o órgano Colexiado de asesoramento na implementación das políticas de transición xusta e da actividade do Instituto para a Transición Xusta, O.A., ao cal se adscribe dependendo directamente da Presidencia do Instituto para a Transición Xusta, O.A. Está integrado polas persoas en representación da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas e entidades locais, e dos axentes sociais afectados.

2. Estará integrado:

a) Pola Presidencia, que corresponderá á persoa titular da Presidencia do Instituto para a Transición Xusta, O.A.

b) Pola Vicepresidencia, que corresponderá á persoa titular da Dirección do Instituto para a Transición Xusta, O.A.

c) Polas seguintes vogalías:

1. Unha persoa en representación do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

2. Unha persoa en representación do Ministerio de Igualdade.

3. Unha persoa en representación do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030.

4. Dúas persoas designadas por proposta de cada unha das dúas organizacións empresariais que teñan a consideración de máis representativas, en representación destas.

5. Dúas persoas designadas por proposta de cada unha das dúas organizacións sindicais que teñan a consideración de máis representativas, en representación destas.

6. Unha persoa designada por proposta do Consello da Xuventude, en representación deste.

7. Unha persoa designada por proposta de cada unha das comunidades autónomas incluídas nas estratexias e plans de acción, en representación de cada unha delas.

8. Unha persoa designada por proposta da Federación Española de Municipios e Provincias entre os municipios afectados polas estratexias e plans de acción, en representación desta.

Na composición deste consello asesor observarase o principio de presenza equilibrada de mulleres e homes de acordo co disposto no artigo 54 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo.

As persoas designadas en representación da Administración xeral do Estado, así como as designadas polas comunidades autónomas, deberán ocupar un posto con, ao menos, rango de subdirección xeral ou asimilada.

3. A Xerencia do Instituto para a Transición Xusta, O.A. exercerá as funcións de Secretaría do Consello Asesor con voz, pero sen voto.

4. As persoas que ocupen as vogalías do Consello Asesor serán nomeadas pola persoa titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, por proposta dos departamentos ministeriais, organizacións ou administracións públicas a que representan.

5. En caso de ausencia, vacante ou enfermidade da persoa titular da Presidencia, será substituída pola persoa titular da Vicepresidencia.

En caso de ausencia, vacante ou enfermidade da persoa que exerce as funcións de Secretaría, será substituída por unha persoa funcionaria do Instituto para a Transición Xusta, O.A., designada pola persoa titular da Xerencia.

Artigo 13. *Funcións do Consello Asesor.*

As funcións do Consello Asesor serán as seguintes:

- a) Analizar e avaliar a Estratexia española de transición xusta, tanto na súa elaboración como na súa implementación.
- b) Analizar e avaliar as metodoloxías e informes de seguimento dos convenios de transición xusta.
- c) Asesorar sobre os proxectos de transición xusta e os programas de desenvolvemento alternativo de comarcas mineiras.
- d) Ser informado da actividade desenvolvida polo Instituto para a Transición Xusta, O.A. e elevar, se for o caso, propostas relacionadas coa dita actividade.
- e) Asesorar sobre todas aquelas cuestións que lle someta a dirección, por iniciativa propia ou dos distintos poderes públicos, relacionadas co ámbito de actividades do Instituto para a Transición Xusta, O.A.
- f) Servir de foro de debate e discusión dos intereses afectados pola política de transición xusta.

Artigo 14. *Funcionamento do Consello Asesor.*

1. O Consello Asesor funcionará en pleno e nos grupos de traballo que, se for o caso, se constitúan.
2. O Pleno reunirase, ao menos, unha vez ao ano con carácter ordinario e con carácter extraordinario cando sexa necesario para o cumprimento das súas funcións.
3. O Pleno do Consello Asesor adoptará as súas propias normas de funcionamento, que terán en conta o previsto neste estatuto, así como polo establecido na sección 3.^a do capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro.
4. As funcións de apoio ao Consello Asesor e aos grupos de traballo que se constitúan serán atendidas cos medios persoais, técnicos e orzamentarios do Instituto para a Transición Xusta.

CAPÍTULO II

Réxime xurídico

Artigo 15. *Réxime de recursos humanos.*

O persoal ao servizo do Instituto para a Transición Xusta, O.A. será funcionario ou laboral nos mesmos termos establecidos para a Administración xeral do Estado. O persoal funcionario rexerese polo previsto no texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, e demais normativa reguladora dos funcionarios públicos ao servizo da Administración xeral do Estado. O persoal laboral réxese, ademais de pola lexislación laboral, e polas demais normas convencionalmente aplicables, polos preceptos do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, que expresamente así o dispoñan.

O anterior será sen prexuízo das normas e condicións laborais específicas que sigan sendo de aplicación aos empregados públicos incorporados ao Instituto para a Transición Xusta, O.A., procedentes das extintas Oficina Nacional de Compensación de Enerxía Eléctrica (Ofico) e Comisión do Mercado das Telecomunicacións (CMT).

Artigo 16. Réxime de contratación.

O réxime de contratación do Instituto será o determinado para as administracións públicas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, así como pola súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 17. Patrimonio e recursos.

1. O patrimonio do Instituto para a Transición Xusta, O.A. estará integrado, ademais de por aqueles bens que lle sexan adscritos pola Administración xeral do Estado, polos bens e dereitos que a entidade adquira no curso da súa xestión ou que lle sexan incorporados por calquera persoa pública ou privada e por calquera título. A xestión patrimonial do Instituto levarase a cabo de acordo co previsto na Lei 33/2003, do 3 de novembro.

2. Os recursos do Instituto para a Transición Xusta, O.A. poderán provir:

a) Dos bens e valores que constitúan o seu patrimonio e os produtos e rendas procedentes do dito patrimonio.

b) Das consignacións específicas que teña asignadas nos orzamentos xerais do Estado.

c) Das transferencias correntes ou de capital que procedan das administracións ou entidades públicas.

d) Das transferencias correntes e de capital que procedan da Unión Europea.

e) Dos ingresos e doazóns que poida percibir de suxeitos públicos ou privados para o cumprimento do seu obxecto.

f) Doutros ingresos ordinarios ou extraordinarios que poidan xerarse polo exercicio das súas actividades.

g) De calquera outro recuso que poida serlle atribuído.

Artigo 18. Resolucións e actos administrativos e réxime de impugnación.

1. Os actos ditados no exercicio de potestades administrativas teñen a consideración de actos administrativos.

2. Os actos e resolucións da Presidencia porán fin á vía administrativa e fronte a eles poderá interperse recurso potestativo de reposición, ou impugnarse directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa, de acordo co previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, sen prexuízo do réxime de reclamacións que a normativa reguladora dos diferentes procedementos poida establecer.

3. Fronte aos actos e resolucións doutros órganos do Instituto para a Transición Xusta, O.A., distintos da Presidencia poderá interperse recurso de alzada, que deberá ser resolto pola Presidencia do Instituto.

4. Corresponde á persoa titular do Ministerio para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico a resolución dos procedementos de responsabilidade patrimonial seguidos por actuacións do organismo, de conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Artigo 19. Transparencia e rendición de contas.

1. Para efectos de dar cumprimento ás obrigacións de publicidade e transparencia, o Instituto para a Transición Xusta, O.A. publicará información actualizada da súa actividade no sitio web habilitado para isto. O acceso á información proporcionarase de acordo cos principios establecidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

2. O Instituto para a Transición Xusta, O.A. elaborará e publicará un informe anual de avaliación do rendemento da acción do Instituto, que incluírá información sobre as medidas aprobadas, os seus obxectivos, os recursos destinados a cada un, a orixe dos fondos e o nivel de cumprimento respecto aos principais obxectivos establecidos. O dito informe estará relacionado co contido do plan de actuación do organismo a que fai referencia o artigo 92 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.